

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

15861 *Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establecen o procedemento e o formato da información que proporcionarán as entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.*

O Plan de recuperación transformación e resiliencia, en diante, PRTR, configúrase como un instrumento promovido no ámbito da Unión Europea orientado a mitigar os impactos da pandemia da COVID-19, así como a transformar a sociedade, cos obxectivos de modernizar o tecido produtivo, impulsar a «descarbonización» e o respecto ao ambiente, fomentar a dixitalización e a mellora das estruturas e recursos destinados á investigación e formación, e acadar, en última instancia, unha maior capacidade da sociedade para superar problemas como a pandemia, conforme o marco establecido no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia.

O artigo 8 do citado regulamento, relativo á execución do PRTR, determina que «a Comisión executará o Mecanismo en réxime de xestión directa de conformidade coas normas pertinentes adoptadas en virtude do artigo 322 do TFUE, en particular o Regulamento financeiro e o Regulamento (UE, Euratom) 2020/2092 do Parlamento Europeo e do Consello», e os Estados membros, conforme o artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 febreiro, terán a condición de beneficiarios ou prestameiros de fondos no marco do Mecanismo.

O Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, ten por obxecto establecer as disposicións xerais precisas para facilitar a programación, elaboración de orzamentos, xestión e execución das actuacións financiadas con fondos europeos, en especial os provenientes do Instrumento europeo de recuperación.

O punto 2 do artigo 46 do dito real decreto lei establece que as entidades do sector público estatal, autonómico e local, tanto aquelas con orzamento limitativo como as que operen con orzamento estimativo, deberán remitir periodicamente, coa periodicidade, procedemento e formato, e con referencia ás datas contables que estableza a autoridade nacional responsable do correspondente programa ou mecanismo comunitario, información sobre o seguimento da execución contable dos gastos imputados a medidas, proxectos ou iniciativas do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), coa debida identificación dos ditos proxectos ou iniciativas e da entidade ou organismo a que correspondan.

Así mesmo, o punto 6 deste mesmo artigo refírese ao desenvolvemento das adaptacións adicionais que resulten necesarias para o adecuado seguimento da execución dos proxectos conforme a regulación europea dos fondos.

As obrigas de información periódica derivan da configuración do propio Plan de recuperación, transformación e resiliencia, na medida en que vertebra un ambicioso conxunto de medidas, estruturadas en compoñentes, que serán levadas a cabo polas administracións públicas e que estarán suxeitas a valoración polos servizos da Comisión Europea. Para dar resposta a este desafío, deséñase un sistema de información de xestión e seguimento, en que os órganos das administracións estatal, autonómica e local, con responsabilidades de execución, terán unha ferramenta para o seguimento das

medidas e proxectos que teñen encomendados e para a elaboración dos informes de xestión que, semestralmente, constituirán a referencia necesaria para o exercicio da función de control e, en última instancia, acreditar o grao de execución dos compoñentes.

A dispoñibilidade de referencias normativas comúns nos ámbitos orzamentario, administrativo, de contratación e de subvencións, garanten a aplicación de criterios homoxéneos e, polo tanto, a calidade da información do resultado da xestión das reformas e investimentos que se prevén no plan, nos termos requiridos en canto ao cumprimento de fitos e obxectivos, volume de recursos aplicados para a súa consecución, así como a contribución á transición enerxética, á dixitalización e ao avance na economía circular.

Para estes efectos, cabe facer mención ao principio de lealdade institucional nas actuacións das administracións públicas, conforme o previsto no artigo 9 da Lei orgánica 2/2012, do 27 abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que concreta na alínea d): «Facilitar ao resto de administracións públicas a información que precisen sobre a actividade que desenvolvan no exercicio das súas propias competencias e, en particular, a que derive do cumprimento das obrigas de subministración de información e transparencia no marco desta lei e doutras disposicións nacionais e comunitarias».

Conforme o previsto no artigo 125.3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, correspóndelle á Intervención Xeral da Administración do Estado, a través da Intervención Xeral da Seguridade Social, o desenvolvemento das accións necesarias para o adecuado cumprimento dos requirimentos de seguimento da información da execución contable de todas as operacións do exercicio corrente ou de exercicios posteriores que rexistrasen as entidades xestoras e servizos comúns no sistema de información contable da Seguridade Social, establecido na sección 2.^a desta orde».

Coa finalidade de cumprir con seguridade xurídica e eficacia os requirimentos que comporta o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, deséñase o sistema de información de xestión e seguimento.

O propósito desta orde ministerial é establecer o procedemento e o formato da información que vaian remitir as entidades públicas decisorias e executoras dos proxectos ou liñas de acción correspondentes a medidas financiadas con fondos do Instrumento europeo de recuperación, de acordo co desenvolvemento previsto do punto 2 do mencionado artigo 46 do Real decreto lei 36/2020 polo punto 6 do mesmo artigo.

O Plan de recuperación, transformación e resiliencia estrutúrase en trinta compoñentes, dedicados a distintos ámbitos da economía. En cada un dos compoñentes prevese un conxunto de medidas (reformas ou investimentos), que permitirán acadar os efectos transformadores que se pretenden co plan. Para cada unha das ditas reformas e investimentos quedan definidos os correspondentes fitos e obxectivos que hai que alcanzar, así como os indicadores que permitan verificar o seu cumprimento.

As mencionadas reformas e investimentos executaranse a través dos correspondentes proxectos ou liñas de acción, que comportarán a aplicación de recursos orzamentarios.

En canto o Mecanismo de recuperación e resiliencia se configurou como un instrumento en que os pagamentos por parte da Comisión se realizarán polo cumprimento de fitos e obxectivos, é preciso que, ademais da información contable sobre os gastos en que se incorra na execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, se dispoña da oportuna información sobre o avance dos indicadores, que determina o cumprimento dos correspondentes fitos e obxectivos.

A orde ministerial adecúase aos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

A súa adecuación aos principios de necesidade, eficacia e proporcionalidade motivase polo obxecto da norma, que é establecer o procedemento e o formato da información que hai que remitir para o seguimento dos proxectos e da execución contable dos gastos imputados a proxectos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, sen que existan outras medidas que impoñan menos obrigas aos destinatarios. Pola súa vez, esta orde adecúase aos principios de seguridade xurídica e transparencia, ao dotar de certeza e claridade a materia regulada. Por último, o principio de eficiencia maniféstase en que se racionaliza a xestión dos recursos públicos, xa que se prevé a utilización de medios tecnolóxicos para realizar a tramitación electrónica do procedemento, sen impoñer novas cargas administrativas.

Esta norma componse de preámbulo, dez artigos, dúas disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras, e un anexo relativo ao formato orientativo da información de execución contable que hai que remitir.

Na súa virtude, por proposta da Secretaría Xeral de Fondos Europeos e da Intervención Xeral da Administración do Estado, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Sobre a base do réxime de xestión directa establecido no artigo 8 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, e tomando en consideración a condición de beneficiario do Reino de España no marco do Mecanismo conforme o artigo 22 do citado Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, así como o disposto nos puntos 2 e 6 do artigo 46 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública, esta orde regula o procedemento, formato e periodicidade da información de seguimento do logro dos fitos e obxectivos e da execución contable dos gastos en que se incorreu no desenvolvemento dos proxectos, subproxectos ou as liñas de acción das medidas que conforman os compoñentes financiáveis con fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, que deben remitir as entidades públicas responsables da dita execución.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Todas as entidades do sector público estatal, incluídas as entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, autonómico e local que xestionen ou executen proxectos, subproxectos ou liñas de acción do dito plan estarán obrigadas á remisión de información sobre o seguimento do grao de avance dos fitos e obxectivos e da execución contable dos gastos imputados a proxectos ou liñas de acción do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

2. A información de execución contable dos gastos imputados a proxectos ou liñas de acción da axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa (REACT-EU) entenderase achegada a través do fondo ou fondos europeos por medio dos cales se canalice esta axuda, polo que a información correspondente a este ámbito se remitirá mediante o procedemento seguido ata o momento, diferente do regulado nesta orde.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos desta orde ministerial e sen prexuízo de definicións máis detalladas, defínense a continuación os seguintes termos, con base na terminoloxía do Plan de

recuperación, transformación e resiliencia e na normativa e guía relativa ao Mecanismo de recuperación e resiliencia:

a) **Compoñente:** cada unha das trinta divisións en que se estrutura o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, dedicada a un ámbito da economía e que pretende acadar, a través dun conxunto coherente de medidas (reformas e investimentos conexos), efectos transformadores nos respectivos ámbitos.

b) **Medida:** cada unha das reformas, conxunto de reformas e investimentos conexos incluídos nun determinado compoñente e que permiten alcanzar os efectos transformadores pretendidos no ámbito do correspondente compoñente, de acordo co Regulamento (UE) 241/2021, do 12 de febreiro.

c) **Proxecto:** conxunto de accións, recursos e medios baixo a dirección dun único responsable (entidade executora), que se crea para acadar, nun prazo determinado de tempo, a finalidade ou resultados para os que se definiron as medidas do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

d) **Subproxecto:** descomposición de parte dun proxecto ou doutro subproxecto cando para a súa execución intervén máis dunha entidade executora. A descomposición en subproxectos leva asociada a transferencia de recursos económicos e o compromiso de cumprimento de fitos e obxectivos á entidade executora responsable do subproxecto.

e) **Liña de acción:** termo con que se designan dunha forma xenérica os tres niveis de descomposición dun proxecto ou subproxecto para a súa planificación, xestión e seguimento (actuacións, actividades e tarefas).

f) **Actuación:** primeiro nivel de descomposición dun proxecto ou dun subproxecto para a súa xestión e seguimento. Sempre que se incorra en gastos e naqueles casos en que se vaia tramitar un instrumento xurídico co cal se transfiran recursos económicos, requírese que se defina unha actuación.

g) **Fitos e obxectivos:** metas que hai que alcanzar en momentos determinados do tempo, que permiten verificar que as medidas, proxectos, subproxectos ou liñas de acción logran a finalidade ou os resultados para os que se definiron. Para cumprir a súa función, os fitos e obxectivos teñen asociados indicadores (cualitativos ou cuantitativos) que miden o seu progreso e determinan o seu cumprimento.

h) **Indicadores:** medidores do progreso ou avance a través dos cales se determina o grao de cumprimento dos fitos e obxectivos.

i) **Autoridade responsable («coordinador»):** é a Secretaría Xeral de Fondos Europeos do Ministerio de Facenda e Función Pública, coas funcións que se indican no artigo 20 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro.

j) **Entidade decisoria:** entidade con dotación orzamentaria no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, á cal lle corresponde a responsabilidade da planificación e seguimento das reformas e investimentos, así como do cumprimento dos fitos e obxectivos de acordo co CID. As entidades decisorias son os departamentos ministeriais, responsables de compoñentes. Para un mesmo compoñente, establécense tantas entidades decisorias como departamentos ministeriais responsables existan.

k) **Entidade executora:** entidade á cal lle corresponde, no ámbito das súas competencias, a execución dos proxectos ou subproxectos das correspondentes reformas e investimentos, baixo os criterios e directrices da entidade decisoria conforme o CID. As entidades executoras de proxectos son os departamentos ministeriais e as entidades da Administración xeral do Estado (AXE) e, no caso de subproxectos, son os departamentos ministeriais, as entidades da AXE, das administracións autonómica e local e outros participantes do sector público.

l) **Órgano responsable:** órgano que no ámbito da entidade decisoria é responsable da elaboración, sinatura e tramitación do informe de xestión da medida ou do informe de xestión do compoñente. Para os informes de xestión a nivel compoñente esta función será asumida pola persoa titular da subsecretaría.

m) **Órgano xestor:** órgano que no ámbito da entidade executora é responsable da elaboración, sinatura e tramitación do informe de xestión do proxecto ou subproxecto. Nos casos en que exista custo asociado, no ámbito dos departamentos ministeriais e

entidades da AXE, o órgano xestor será a unidade que ten o orzamento asignado; no ámbito das administracións autonómicas, o titular do órgano que desempeñe funcións análogas ás de subsecretario na correspondente consellería ou equivalente. No caso das entidades locais e resto de participantes, o secretario ou cargo que desempeñe funcións análogas certificará o resultado que recolla o informe de xestión conforme a documentación administrativa e contable relativa ao subproxecto executado polas correspondentes áreas ou concellarías da entidade local.

n) Informe de xestión: documento elaborado e asinado, segundo sexa o ámbito, polo órgano xestor dunha entidade executora para o proxecto ou o subproxecto ou polo órgano responsable da medida ou o órgano responsable do compoñente dunha entidade decisoria, polo que o asinante se fai responsable da información que consta nel en relación coa execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. O dito documento acredita o estado de situación en cada ámbito (compoñente, medida, proxecto ou subproxecto) en relación cos correspondentes fitos e obxectivos e co resto de requirimentos do Regulamento de recuperación e resiliencia, así como da información contable sobre o gasto en que se incorreu.

Sección 1.^a Información de seguimento de proxectos

Artigo 4. Seguimento de proxectos, subproxectos ou liñas de acción.

1. As entidades executoras das accións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia definirán, en coordinación coas entidades decisorias, os proxectos ou liñas de acción a través dos cales se desenvolverán e instrumentarán as reformas ou os investimentos na parte que corresponda a cada entidade executora.

2. Os proxectos, subproxectos ou liñas de acción do ámbito indicado no punto 1 do artigo 2 estarán caracterizados, polo menos, por:

- a) Compoñente a que pertencen.
- b) Reforma ou investimento en que se encadran.
- c) Entidade decisoria.
- d) Entidade executora.
- e) Órgano xestor do proxecto ou do subproxecto.
- f) Código identificativo único do proxecto, subproxecto ou liña de acción asignado polo sistema de información de xestión e seguimento.
- g) Fonte ou fontes de financiamento.
- h) Fitos ou obxectivos que determinan o cumprimento do proxecto ou liña de acción.
- i) Indicadores conforme o mecanismo de verificación definido no CID, a través dos cales se mide o grao de cumprimento dos fitos ou obxectivos e o modo en que cada un deses indicadores contribúe a un indicador da medida en que se integra. A achega da medición do indicador para os efectos do seguimento do nivel de cumprimento dos fitos ou obxectivos efectuarase ao último nivel de descomposición de cada proxecto.
- j) Partidas orzamentarias da entidade executora a través das cales se financia o proxecto, subproxecto ou actuación.
- k) Unha descrición breve da finalidade que se pretende alcanzar co proxecto, subproxecto ou liña de acción.
- l) Datas de inicio e finalización.
- m) Custo estimado.
- n) Outra información relevante do proxecto, subproxecto ou liña de acción.

3. As entidades executoras actualizarán a información sobre os proxectos, subproxectos ou/e liñas de acción de forma continua e permanente a través do sistema de información de xestión e seguimento do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de acordo cos criterios establecidos pola autoridade responsable. Igualmente,

deberán dispor dos sistemas de control interno que garantan a validez e fiabilidade dos datos facilitados e a súa rastrexabilidade.

Sección 2.^a Información de execución contable

Artigo 5. Contido da información de execución contable.

O contido que se vaia remitir sobre o seguimento da execución contable dos recursos imputados aos proxectos, subproxectos e actuacións que conforman as diferentes medidas do ámbito indicado no punto 1 do artigo 2 comprenderá:

1. Para as entidades con orzamento limitativo, todas as operacións contables do exercicio corrente e de exercicios posteriores que se rexistren no sistema de información contable que afecten os ditos proxectos, subproxectos e actuacións, a partir do exercicio 2020, desde o 1 de febreiro.

2. Para as entidades con orzamento estimativo, todas as operacións devindicadas rexistradas en contabilidade e os compromisos para exercicios posteriores que afecten os ditos proxectos, subproxectos e actuacións, a partir do exercicio 2020, desde o 1 de febreiro.

En ambos os casos co detalle que se establece a seguir, baixo as especificacións que se indican ao referirse ao formato da información que hai que remitir:

- a) Identificación da Administración e da entidade pública executora.
- b) Para as entidades con orzamento limitativo: exercicio contable e fase da operación contable, e para as entidades con orzamento estimativo: exercicio contable en que se devindica o gasto.
- c) Número de operación con que se asentase no sistema de información contable, importe íntegro da operación e data contable.
- d) Identificación do terceiro da operación contable.
- e) Para as entidades con orzamento limitativo: detalle do importe da operación por capítulos e, no caso de que se trate dunha operación que comprenda exercicios posteriores, por anualidades, e para as entidades con orzamento estimativo: detalle do importe da operación por tipo de gasto ou investimento de acordo co plan de contabilidade aplicable e, no caso de compromisos para exercicios posteriores, por anualidades conforme a previsión das devindicacións.
- f) Identificación da actuación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, no marco do CID, a que a operación contribúe. A vinculación da operación contable co Plan de recuperación, transformación e resiliencia establecerase a nivel de actuación.
- g) Para os proxectos e subproxectos financiados no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, identificación da convocatoria da Base de datos nacional de subvencións (BDNS) ou do contrato na Plataforma de contratación do sector público (Placsp), nos termos indicados no anexo desta orde.
- h) Identificación doutras fontes de financiamento alleas ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia co detalle do importe por cada unha delas.

Artigo 6. Procedemento e formato de envío de información contable.

1. O sistema de información de xestión e seguimento do Plan de recuperación, transformación e resiliencia facilitará ás entidades públicas executoras dúas vías para incorporaren a información de seguimento da execución contable dos gastos imputados aos proxectos, subproxectos e actuacións do artigo 5.

2. En primeiro lugar, as entidades afectadas poderán achegar a información a que se refire o artigo anterior mediante a carga dun ou de varios ficheiros axustados ao formato establecido no anexo I polos medios informáticos que para o efecto habilite a Intervención Xeral da Administración do Estado no propio sistema de información de xestión e seguimento do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

3. En segundo lugar, as entidades afectadas poderán utilizar alternativamente os servizos electrónicos que proporcione para o efecto a Intervención Xeral da Administración do Estado para a remisión desta información desde o respectivo sistema de información contable ou sistema de información financeiro da entidade executora.

4. Calquera que sexa o método de envío da información, o sistema proporcionará un xustificante de recepción electrónico que permita a rastrexabilidade das operacións.

5. O formato da información que se vaia remitir pola vía do punto 2 deste artigo axustarase ao establecido no anexo I desta orde. Tanto o formato do arquivo do punto 2 como as especificacións dos servizos electrónicos a que se refire o punto 3 deste artigo publicaranse nos sitios web da Secretaría Xeral de Fondos Europeos e da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Artigo 7. Datas de referencia para o envío da información de execución contable.

1. Cando se utilice a vía do artigo 6.2, é dicir, mediante achega de ficheiro, a información abranguerá as operacións contables rexistradas no período comprendido entre o día 1 e o último día de cada mes natural sobre gastos imputados aos proxectos, subproxectos e actuacións obxecto desta orde, e será remitida antes do día 10 do mes seguinte.

Excepcionalmente, e logo de autorización da Secretaría Xeral de Fondos Europeos, poderase remitir información con referencias a outros períodos.

2. Cando se utilice a vía do artigo 6.3, é dicir, a través de servizos electrónicos, cada operación remitirase puntualmente tan axiña como sexa anotada no sistema contable ou financeiro ou en canto os medios electrónicos o permitan.

Sección 3.^a Información de seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos

Artigo 8. Incorporación ao sistema de información de xestión e seguimento e informe de xestión.

1. As entidades executoras dos proxectos, subproxectos ou liñas de acción deberán manter permanentemente actualizada no sistema informático a información relativa ao cumprimento dos fitos e obxectivos que lles corresponda, proporcionando información do progreso nos indicadores asociados a eles, así como ao resto de exixencias contidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, incorporando a documentación xustificativa pertinente e atendendo os requirimentos das disposicións operativas ou as que se reflectan no sistema de información, se for o caso, de maneira que a entidade decisoria poida realizar o seguimento, en tempo real, da medida de que é responsable, tanto en termos do grao de avance na consecución dos fitos e obxectivos como do cumprimento do resto de exixencias. Esa actualización continua fará posible, así mesmo, o seguimento da execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia por parte da Secretaría Xeral de Fondos Europeos do Ministerio de Facenda e Función Pública.

2. Co fin de facilitar o cumprimento das obrigas establecidas no punto anterior, a Oficina de Informática Orzamentaria da Intervención Xeral da Administración do Estado proporcionará os servizos electrónicos necesarios para a remisión desta información desde o respectivo sistema de xestión da entidade executora. O formato da información que se vaia remitir axustarase ás especificacións que se publicarán nos sitios web da Secretaría Xeral de Fondos Europeos e da Intervención Xeral da Administración do Estado.

3. A partir da información contida no sistema, cada entidade executora deberá elaborar o correspondente informe de xestión, coa estrutura, formato e periodicidade requiridos para os efectos do sistema de información de xestión e seguimento. Cada departamento ministerial que actúe como entidade decisoria deberá confeccionar, pola

súa vez, un informe de xestión relativo ao compoñente ou á parte do compoñente de que sexa responsable, mediante a integración da información contida nos informes de xestión das entidades executoras. Os informes de xestión serán asinados polos responsables dos distintos órganos conforme o ámbito de competencias que teñan atribuído.

O ministerio responsable elaborará o informe de xestión de cada compoñente con periodicidade semestral e con referencia ás datas 30 de xuño e 31 de decembro. Xerárase automaticamente no sistema de información de xestión e seguimento a partir da información nel contida e deberá ser formalizado neste dentro dos corenta e cinco días seguintes ás datas referidas anteriormente. Pola súa banda, as entidades executoras deberán formalizar o seu respectivo informe de xestión antes do 20 de xullo e do 20 de xaneiro de cada ano.

Sección 4.^a Outra información

Artigo 9. Información de previsión orzamentaria.

Dada a configuración plurianual do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e coa finalidade de permitir o seu adecuado seguimento orzamentario e contable, as entidades decisorias e executoras deberán subministrar a programación de recursos, conforme a distribución temporal de cumprimento de fitos e obxectivos do PRTR, así como a previsión orzamentaria para todo o período temporal do dito plan necesaria para a execución das medidas en que participen. Para estes efectos, o sistema habilitará os campos para recoller tales previsións desde 2020 ata 2026.

Artigo 10. Información sobre perceptores finais de fondos: beneficiarios das axudas, de contratistas e subcontratistas.

Todas as entidades da Administración estatal, autonómica e local, na súa condición de entidades executoras do PRTR, segundo proceda, deberán achegar a información sobre a identificación do receptor dos fondos: nome do destinatario dos fondos, se for o caso, data de nacemento, en concepto de axudas ou pola condición de contratista e subcontratista, tal como se define o titular real no punto 6 do artigo 3 da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello, nos termos en que determine o Ministerio de Facenda e Función Pública, coa finalidade de dar cumprimento á exigencia do artigo 22.d) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

Disposición adicional primeira. Habilitación para cambios técnicos operativos na configuración do servizo electrónico.

A Secretaría Xeral de Fondos Europeos e a Intervención Xeral da Administración do Estado poderán modificar as especificacións técnicas do procedemento, do formato e dos servizos electrónicos establecidos nesta orde, en particular nos seus anexos, cando resulte necesario para o adecuado seguimento dos proxectos, subproxectos ou liñas de acción do Plan de transformación recuperación e resiliencia, mediante a actualización da súa publicación nos sitios web da Secretaría Xeral de Fondos Europeos e da Intervención Xeral da Administración do Estado, con tres meses de antelación á data de efectos do cambio técnico operativo na configuración do servizo electrónico.

Disposición adicional segunda. Control da información.

En canto a remisión da información contida nesta orde é imprescindible para a elaboración das correspondentes solicitudes de pagamento por parte da autoridade responsable do Mecanismo de recuperación e resiliencia, o control do adecuado cumprimento das obrigas de subministración da información establecidas nesta orde

levarase a cabo aplicando o previsto no artigo 37 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Disposición adicional terceira. *Entidades executoras da Seguridade Social.*

No caso das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, de conformidade co disposto no artigo 46.7 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, as entidades executoras a que se refire o artigo 3 da orde no relativo ás súas seccións 1.^a e 3.^a serán as propias entidades afectadas da Seguridade Social. As ditas entidades serán as encargadas da planificación e seguimento das reformas e investimentos, así como do cumprimento dos seus fitos e obxectivos.

Disposición transitoria primeira. *Información de execución contable.*

As entidades executoras responsables de cada compoñente disporán ata o 30 de novembro de 2021 para remitiren a información requirida na sección 2.^a desta orde en relación co período transcorrido entre o 1 de febreiro de 2020 e o último día do mes en que se publique esta orde no BOE.

a) Para o período 1 febreiro a 31 de decembro de 2020, a Oficina de Informática Orzamentaria concretará o procedemento e o formato da información contable que hai que remitir relativa aos compoñentes que teñan execución nese período.

b) Para o período 1 de xaneiro de 2021 ao último día do mes en que se publique esta orde no BOE, as entidades executoras achegarán a información segundo o disposto nesta orde.

Disposición transitoria segunda. *Información de seguimento de fitos e obxectivos.*

A información relativa ao cumprimento dos fitos e obxectivos e resto de requirimentos do Mecanismo de recuperación e resiliencia a que se refire a sección 3.^a cuxo cumprimento estea previsto no período comprendido entre o 1 de febreiro de 2020 e o 30 de xuño de 2021 e que hai que incluír na primeira solicitude de pagamento conterase nos informes de xestión que se deberán emitir no menor prazo posible desde a entrada en vigor desta orde.

Disposición transitoria terceira. *Servizos electrónicos.*

1. Mentres non estea operativa a vía dos servizos electrónicos do artigo 6.3 utilizarase, en todo caso, a prevista no artigo 6.2.

2. De forma similar, mentres non estea operativa a vía dos servizos electrónicos do artigo 8.2 poderase utilizar un procedemento de carga baseado en arquivos.

3. En caso de ser necesario, habilitaranse os sistemas de subministración de información alternativos que permitan cumprir cos requirimentos da Comisión Europea en relación coa xestión, seguimento e control do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Disposición transitoria cuarta. *Informe de xestión.*

No exercicio 2021 a formalización do informe de xestión no sistema de información de xestión e seguimento, a que se refire o artigo 8, poderase substituír pola carga do dito informe de xestión no sistema.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde apróbbase ao abeiro do disposto nos puntos 13.^a, 14.^a e 18.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que atribúen ao Estado, respectivamente, a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, facenda xeral e débeda do Estado e as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

1. Habílitase as persoas titulares da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos e da Intervención Xeral da Administración do Estado, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren as resolucións e adoptaren medidas necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido nesta orde.

2. En particular, habílitase a persoa titular da Secretaría Xeral de Fondos Europeos para ditar as instrucións necesarias relativas á elaboración do informe de xestión por parte das entidades executoras e ministerios responsables das distintas medidas, entre elas, as referentes á súa estrutura, formato e periodicidade.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de setembro de 2021. - A ministra de Facenda e Función Pública, María Jesús Montero Cuadrado.

ANEXO I

Formato orientativo da información de execución contable que hai que remitir

A información sobre o formato específico da información que hai que remitir (artigo 6.2) e, se for o caso, das sucesivas versións deste formato e da súa data de efecto, así como sobre as especificacións dos servizos electrónicos (artigo 6.3) e notas informativas ou explicativas adicionais publicaranse nos sitios web da Secretaría Xeral de Fondos Europeos e da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Descrición	Tipo	Múltiple	Observacións
Tipo de Administración.	Alfanumérico.		Estatal (E); Seguridade Social (S); autonómica (A); local (L).
Administración. DIR3.	Alfanumérico.		Estado, Seguridade Social, comunidade autónoma X, deputación X, concello X.
Entidade pública executora. DIR3.	Alfanumérico.		No caso do Estado: ministerio, organismo, entidade pública concreta. No caso de comunidade autónoma: Administración da CA, organismo, entidade pública concreta. No caso de entidade local: Administración do concello ou deputación ou entidade pública local concreta.
Entidade pública executora. NIF.	Alfanumérico.		
Entidade pública executora. Código INVENTE.	Alfanumérico.		
Tipo de orzamento da entidade.	Alfanumérico.		Segundo a táboa.
Exercicio contable.	Númérico.		

Descrición	Tipo	Múltiple	Observacións
Fase contable.	Alfanumérico.		Só para entidades con orzamento limitativo, segundo a táboa.
Nº operación.	Numérico.		
Terceiro da operación (NIF).	Alfanumérico.		
Terceiro da operación (denominación).	Alfanumérico.		No caso de entidades de orzamento limitativo, só a partir da fase de compromiso de gasto.
Importe íntegro.	Numérico.		
Data contable da operación.	Data.		
A anualidade.	Numérico.	SI	
A anualidade.			
Capítulo ou tipo de gasto ou investimento.	Numérico.		Capítulo, para entidades de orzamento limitativo, segundo a táboa. Tipo de gasto ou investimento de acordo co plan de contabilidade aplicable, para entidades de orzamento estimativo, segundo a táboa.
Importe.	Numérico.		
Identificación da actuación do MRR.	Alfanumérico.	SI	Actuación sobre a que se fai seguimento.
Identificación da convocatoria da Base de datos nacional de subvencións (BDNS).	Alfanumérico.		No caso de entidades de orzamento limitativo, en fase de autorización de gasto se estivese dispoñible e, en todo caso, a partir da fase de compromiso de gasto. Para as subvencións nominativas e aquelas outras de concesión directa con destinatarios determinados será preciso rexistrar anticipadamente a convocatoria na BDNS para que se poida rexistrar o identificador no sistema contable.
Identificación do contrato na Plataforma de contratación do sector público (Placsp).	Alfanumérico.		No caso de entidades de orzamento limitativo, só a partir da fase de compromiso de gasto. Incluirase o código correspondente na dita plataforma, que está constituído pola combinación do código de órgano de contratación, o código de licitación e o código de contrato, sendo estes dous últimos códigos os achegados polo propio órgano de contratación na plataforma.
Outras fontes de financiamento.		SI	Só para operacións de exercicio corrente.
Mecanismo ou fondo. Código.	Alfanumérico.		Segundo a táboa de fontes de financiamento.
Importe.	Numérico.		

Táboas para os efectos do formato da información que hai que remitir

Táboa de tipo de orzamento da entidade

Código	Descrición
L	Orzamento limitativo.
E	Orzamento estimativo.

Táboa de fase contable (só para entidades de orzamento limitativo)

Código	Descrición
A	Autorización de gasto.
D	Compromiso de gasto.
O	Recoñecemento da obriga.
AD	Autorización e compromiso de gasto.

Código	Descrición
ADO	Autorización e compromiso de gasto e recoñecemento da obriga.
PR	Pagamento realizado.
A/	Autorización de gasto (anulación).
D/	Compromiso de gasto (anulación).
O/	Recoñecemento da obriga (anulación).
AD/	Autorización e compromiso de gasto (anulación).
ADO/	Autorización e compromiso de gasto e recoñecemento da obriga (anulación).
PR/	Anulación de pagamento realizado.
RE	Reintegro.
RE/	Anulación de reintegro.

Táboa de capítulos orzamentarios (só para entidades de orzamento limitativo)

Código	Descrición
1	Gastos de persoal.
2	Gastos correntes en bens e servizos.
3	Gastos financeiros.
4	Transferencias correntes.
6	Investimentos reais.
7	Transferencias de capital.
8	Activos financeiros.

Táboa de tipos de gasto ou investimento de acordo co plan de contabilidade aplicable (só para entidades de orzamento estimativo)

Código	Descrición	Comentario
11	Gastos de persoal.	Subgrupo 64 do plan de contabilidade aplicable.
12	Gastos correntes en bens e servizos.	Subgrupos 60, 62 e 63 do plan de contabilidade aplicable.
13	Gastos financeiros.	Subgrupo 66 do plan de contabilidade aplicable.
14	Subvencións concedidas para financiar operacións correntes.	Subgrupo 65 ou rúbrica do plan de contabilidade aplicable que corresponda.
16	Investimentos reais.	Aumentos nos subgrupos 20, 21, 22 e 23 do plan de contabilidade aplicable, excluídos os traspasos entre rúbricas contables.
17	Subvencións concedidas de capital para financiar operacións de capital.	Subgrupo 65 ou rúbrica do plan de contabilidade aplicable que corresponda.
18	Concesión de préstamos.	Aumentos nas rúbricas correspondentes dos subgrupos 24, 25, 53 e 54, excluídos os traspasos entre rúbricas contables.

Fontes de financiamento

Código	Descrición
REU	Axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa (REACT-EU).
Feder	Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.
FSE+	Fondo Social Europeo Plus.
Feader	Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.
FEMP	Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.
OFE	Outros fondos europeos.
PGE	Orzamento estatal.
PGA	Orzamento autonómico.
PGL	Orzamento de entidade local.